



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE OUTUBRO DO 2017

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz Dna Olimpia Marcos García Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farias Dn. Manuel Bello Bouza Dna Cristina Cadena Freire Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Lage Fernández Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e vintecinco minutos do día trinta de outubro do dous mil dezasete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA SESIÓN ANTERIOR.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

2º.- MOCIÓNS-PROPOSTAS:

A) Moción do BNG "REINVIDICACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE"


Dáse conta da Moción presentada polo voceiro do BNG D. Emilio Mesías Farias, de data 19 de outubro do 2017, que seguidamente se transcribe.

MOCIÓN SOBRE O 25 DE NOVIEMBRE

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición. para o seu debate en Pleno sobre a reivindicación do 25 de novembro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de novembro é unha data referencial para dar visibilidade e reivindicar a necesidade de Incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas. Desde que no ano 1981, ao abeiro do Primeiro Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe celebrado en Bogotá, nacera esta data como Día Internacional da Non Violencia contra as Mulleres en memoria das irmás Mirabal asasinadas no 1960 na República



Dominicana a mans do ditador Trujillo. diferentes institucións internacionais recolleren con desigual compromiso esta data no seu calendario oficial.

Segundo os datos inventariados polo observatorio *Feminicidio.net*. que analiza e estuda o rexistro dos diferentes tipos de feminicidio en Galiza rexistráronse cando menos 55 feminicidios e outros asasinatos de mulleres nos últimos sete anos, entre 2010 e o que vai de 2017. Foi 2015 o ano do rexistro máis alto, con 13 mulleres asasinadas das que 8 foron feminicidios íntimos no ámbito da parella. cifra que levou o noso país a encabezar ese terríbel ano a taxa de feminicidios do Estado español. aínda sen ter en conta vítimas crianzas das que de cinco asasinatos no Estado foron dous na Galiza. Do global destes casos analizados, máis do 60% producíronse no ámbito íntimo, o que dá unha dimensión da importancia deste pero tamén da necesidade de non limitar a violencia machista á parella pois estaríamos a deixar fóra moitas casuísticas que tamén deben ser obxecto das políticas de prevención e erradicación así como do seu cómputo e estudo. Así mesmo, resulta alarmante e indica a necesidade de mellora do marco xudicial o feito de que desde o ano 2010 foran 11 as mulleres asasinadas que presentaran unha denuncia previa. Destas. dúas foran retiradas unha rexeitada e noutros tres casos o agresor tiña unha orde de afastamento que incumpriu. Así mesmo. os informes e avaliacións que emanan do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial ilustra a resposta da Administración da Xustiza e as eivas do seu funcionamento e necesidades de mellora.


Grazas á loita de moitas persoas a prol da erradicación da violencia machista avanzamos colectivamente como sociedade na súa visibilización un camiño en que tivo e ten un papel fundamental o traballo movilizador crítico e esixente e de diferentes movementos de mulleres na Galiza e no mundo. Un traballo de visibilización. denuncia e redución que dista aínda de ser colectivo e prioritario para toda a sociedade e para todas as axendas políticas. A diagnose da vixencia estrutural das violencias machistas contra as mulleres debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos. humanos e materiais para tal fin. Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres debe ser un obxectivo político de primeira orde.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG de Ares solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, a comezar por destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.

2. Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



3. Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.

O Sr. Mesías Fariás da lectura aos acordos da Moción presentada e advirte que existe un erro no punto 1) onde di a comezar a destinar o 1% debe dicir así como destinar o 1%.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que antes das intervencións para fixar posicións, o grupo socialista ten unha moción por vía de urxencia sobre esta mesma materia que non ten nada que ver coa que presentada polo BNG, e en consecuencia podemos debater as dúas que son compatibles, porque non se emendan e teñen materia diferenciada para o cal habería que votar primeiro a de urxencia.

O Sr. Alcalde pregunta aos grupos si están de acordo, e están todos de acordo.

MOCIÓN DO PSOE SOBRE O 25 DE NOVEMBRO, DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Dáse conta da Moción presentada por vía de urxencia polo voceira do PSOE Dña. Olimpia Marcos García, de data 30 de outubro do 2017, que seguidamente se transcribe:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis, con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, desde o Grupo Socialista queremos manifestar o noso máis firme compromiso coas mulleres vítimas da violencia de xénero. Un compromiso activo día a día, porque para erradicar a violencia requírese o compromiso individual e colectivo durante todos os días do ano.


A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres, debe ser unha prioridade que nos abriga a toda a sociedade no seu conxunto. Unha obrigaón que lle corresponde en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.

A violencia de xénero afunde as súas raíces na histórica desigualdade que tiveron e aínda seguen tendo as mulleres, como consecuencia do patriarcado existente nas nasas sociedades, por iso é fundamental abordar a súa erradicación desde as políticas de igualdade, desde o feminismo, para favorecer unha cultura da igualdade fronte a unha cultura da submisión.

No noso país dispomos dun marco legislativo a través da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, tamén de leis autonómicas na maioría das Comunidades Autónomas e recentemente foi aprobado polo Congreso dos Deputados o Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.

Para contribuír a erradicar a violencia de xénero precísanse medidas políticas e institucionais desde os diferentes ámbitos que aborden o problema de maneira integral e sexan capaces de dar resposta ás necesidades específicas das mulleres vítimas e ás das súas filias e fillos.

Non se poderá avanzar na erradicación da violencia e na atención específica ás mulleres, se non se establecen os mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, pero tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas administracións dos recursos económicos e de persoal especializado adecuados.



Na resposta integral, as administracións locais son unha peza crave e xogan un papel fundamental. Os Concellos pola súa propia definición como institución máis próxima á cidadanía e ás necesidades sociais, supoñen o primeiro estamento na prevención así como na atención a través de información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e ás súas filias e fillos.

É imprescindible dotar de novo aos Concellos das súas competencias en materia de igualdade. É necesario e imprescindible contar coas estruturas municipais e a súa implicación na loita contra a violencia de xénero, e para iso é fundamental dotarlles de recursos adecuados.

Neste sentido, convén sinalar o aprobado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA, con respecto aos Concellos e á función que deben desempeñar

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista, propomos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes

ACORDOS:

1.- Instar o Goberno de España, a que inicie os trámites para as modificacións legislativas necesarias, ao obxecto de devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.

2.- Instar o Goberno de España, o cumprimento do compromiso económico acordado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ao obxecto de destinar vía transferencia aos Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os próximos 5 exercicios, para o desenvolvemento das medidas correspondentes contempladas no devandito Pacto.

3.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, a Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao Ministro de Facenda e Función Pública, así como ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).


Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello por 13 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 NAL e 1 SON de Ares, 3 PP e 3-BNG), o que supón a unanimidade de membros da Corporación, acorda ratifica-lo carácter urxente do asunto.

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a quenda de intervencións.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que lle resulta irónico que o prazo acordado por todos os grupos parlamentarios fai dous meses incluído o PSOE e Podemos teña que ser modificada agora e conta cunha moción presentada polo propio partido cando fai uns días estaba de acordo co prazo dado. No último pleno do mes de setembro que se celebrou no congreso dos deputados acabase de aprobar o texto do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e todos vostedes estaban de acordo, e agora parece ser que xa non están de acordo.

Neste pacto trátase de integrar e coordinar a resposta a calquera forma de violencia contra as mulleres sexa física, sexual, psicolóxica, económica así como de outras formas de violencia que afectan as mulleres como a trata de seres humanos con fin de explotación sexual, a mutilación xenital ou os matrimonios forzados.

Neste sentido desde o PP fixéronse propostas concretas nos ámbitos sanitarios, xurídicos, sociais e educativos para reformar, avanzar e reforzar o que considerábase prioritario para concretar as respostas a todas estas formas de violencia. O obxectivo é a esa intervencións coas vítimas que sexa a máis eficaz ou rápida posible aínda



que tamén e prioritario seguir avanzando na prevención e na educación emocional e sexual e igualdade de todas as etapas educativas.

Entre todos debemos seguir insistindo na concienciación implicando a toda a sociedade aínda hai moitas mulleres que seguen sufrindo esta violencia e non se atreven a denunciar, un silencio que moitas veces acaba coa súa vida.

No Pacto de Estado articúlanse medidas para as mulleres vítimas de violencia machista nas zonas rurais, inmigrantes e mulleres vítimas con discapacidade. Tamén se presta protección aos menores vítimas desta violencia, xa que en moitas ocasións os menores son utilizados como medios de vinganza e de presión contra a nai e perseguen o mesmo obxectivo que é gañar a muller.

As 213 medidas teñen un compromiso de mil millóns de euros para os próximos cinco anos e polo tanto evidente o compromiso do PP na erradicación da violencia machista que sempre seguirá sendo unha das súas prioridades políticas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que en principio a moción do BNG insta a destinar o 1% dos orzamentos no 2018 para prevención da violencia contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres, de acordo co Pacto Galego de Violencia que non está discutindo nada, simplemente pide que se destine ese 1%.

Intervén novamente o Sr. Alcalde explicando que a moción presentada polo grupo socialista o que pide é que se inste ao cumprimento acordado no Pacto de Estado Contra a Violencia, ese compromiso é instar aos concellos vinte millóns de euros outros cinco anos polo tanto, as mocións presentadas son acordos cos pactos.


Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que non.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, que a moción do BNG e acorde co Pacto Galego e a do PSdeG e acorde co Pacto de Estado e pide a transferencia económica. Pero en calquera caso, cada grupo e libre de fixar as súas posición.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra intervención, e dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que estas mocións sendo do mesmo tema si que hai que concretar unha cousa, diríxese a voceira do PP dicindo que o Pacto de Estado non foi aprobado polo PSOE, PP e Podemos, Podemos abstívose, ou sexa o Pacto de Estado foi aprobado polo PSOE e polo PP e Podemos a través da portavoz de Marea dicía que non lle valía porque este pacto non sabía para quen ía dirixido, que había unha serie de cuestións que atallaban con este pacto e polo tanto abstivérons unha cousa e esta, e outra é que recentemente aprobado o Pacto de Estado entre o PSOE e PP nos vemos cunha contradición un pouco grande que se nos acaba de presentar pola vía de urxencia xa que no primeiro punto di "instar o Goberno de España, a que inicie os trámites para as modificacións legislativas necesarias ao obxecto de devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero", e despois a continuación refírese ao Goberno de España o cumprimento do compromiso económico acordado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, pero claro isto aprobárono no mes de setembro, quero dicir o PSOE non tivo en conta o primeiro punto está facendo unha emenda a ese pacto de Estado que aprobaron, porque loxicamente si isto o chegan a pedir antes o pacto de Estado tería que ser outro, e o que nós non entendemos.

Nós concretamos a nosa moción e queremos saber tamén cal é a posición dos demais grupos ao respecto da nosa moción, porque a nosa moción céntrase loxicamente no Pacto Galego que foi aprobado por



unanimidade no Parlamento Galego, e entón queremos saber realmente cal e a posición dos demais grupos ao respecto da nosa moción e tamén queremos saber a posición do resto dos grupos ao respecto da moción do PSdeG.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que a moción do PSdeG aclopase perfectamente co Pacto de Estado, ese Pacto de Estado preveu vinte millóns de euros para os concellos nos próximos cinco anos e ese pacto conséguese a través dun consenso de todos os grupos parlamentarios excepto Podemos que foi o único que se abstivo, PNV, Grupo Catalán, Cidadáns todo o Congreso menos Podemos que se abstivo, pero nós efectivamente imaxino que como pacto consensuase e hai cousas que teñen que quedar fóra para salvar o pacto, en consecuencia o que quedou fóra para salvar o pacto foi devolver as competencias aos Concellos, ao mellor si incluíse isto, o Pacto non se votaría.

O pacto é froito dun consenso, nese consenso hai vinte millóns de euros para os concellos e quedou fóra do concello o manexo deses vinte millóns de euros fóra dende a autonomía local que agora non pode ser porque non temos as competencias, entón pedimos as competencias.

A moción respecta o Pacto, pero solicita a devolución de competencias porque é unha moción do grupo socialista se fora unha moción conxunta ao Pacto de Estado igual non podíamos metela porque o PP non estaba de acordó, pero como é unha moción do grupo socialista pois metemos o punto 1, pero evidentemente e acorde a eses vinte millóns previstos destinados aos concellos, pero nós non temos autonomía porque a competencia non é nosa entón temos que gastalos no que nos digan que pode estar ben, pero houbo un momento no que esa competencia era municipal. Polo tanto, pedimos que volva ao seno do concello, a moción complementa o Pacto de Estado e o reparto de competencias entre as diferentes administracións e a do BNG é do Pacto Galego, non vexo ningunha contradición.


O Sr. Alcalde pregunta si alguén quere intervir, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías dicindo que lle gustaría saber cal é a posición de todos os grupos con respecto a votación, porque tamén teñen que tomar unha decisión.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que está a dar a palabra pero que non quere falar ninguén, que non forza a ninguén a falar ou non falar, que el é a terceira vez que está falando cando só ten dous intervencións e xa as esgotou. Ninguén levanta a man, senón levantan a man están no seu dereito.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que efectivamente as dúas mocións non son ningunha emenda a nada entendo eu, polo menos a nosa non é ningunha emenda a nada e entendo que a do BNG tampouco, e certo que a nosa engade a recuperación de competencias locais. Lembremos que o propio goberno da Xunta tivo que emendar o pacto nacional cunha lei galega para suavizar a situación nin o propio PP estaba de acordo. Lembremos que Xosé Manuel Rei Varela sendo Presidente da FEGAMP, instou no seno da FEGAMP unha resolución en contra da perda de esas competencia por parte dos concellos, ou non nos acordamos daquela lei de Reforma e Sostenibilidade aprobada polo PP non estaba de acordo con esa perda de competencias no seno da FEGAMP.

Acto seguido, sométese a votación a Moción do BNG "SOBRE O 25 DE NOVIEMBRE" e o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 NAL e 1 SON e 3 BNG) e 3 votos en contra (3 PP), acorda prestar a súa aprobación.



Acto seguido, sométese a votación a Moción presentada pola vía de urxencia do PSdeG "MOCIÓN CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO", e o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 NAL e 1 SON e 3 BNG) e 3 votos en contra (3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

B) Moción do BNG "ESTRADA DE CHANTEIRO"

Dáse conta da Moción presentada polo voceiro do BNG D. Emilio Mesías Farías, de data 23 de outubro do 2017, que seguidamente se transcribe.

MOCIÓN "ESTRADA DE CHANTEIRO"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 26 de Decembro do pasado ano, aprobábase por unanimidade unha moción presentada pola Plataforma Veciñal de Lubre, Cervás. Chanteiro. Durante todo este tempo non houbo ningunha medida por parte do Concello de Ares para que se levase a bo porto a pretensión da veciñanza ao respecto da segunda fase da tan demandada obra da Estrada Ares- Chanteiro.

Dado que a Deputación está a elaborar o Orzamento 2018. é o momento para que se plasme neste documento o compromiso firme por parte da Administración Provincial coa necesaria e urxente obra da estrada.

Por todo o relatado solicitamos do pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1.- Que o Concello de Ares se dirixa ao Presidente da Deputación Provincial para que inclúa no Orzamento 2018, a partida necesaria para realizar a 2ª fase da estrada Ares-Chanteiro.
- 2.- Que durante o ano 2018, se licite e contrate a obra da 2ª fase da estrada Ares-Chanteiro.

A) Moción do GRUPO DE GOBERNO "ESTRADA ARES-CHANTEIRO"

Dáse conta da Moción presentada polo grupo de goberno, de data 23 de outubro do 2017, que seguidamente se transcribe.


O Goberno do Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte MOCIÓN relativa á estrada Ares-Chanteiro:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como apoio ao traballo do goberno municipal en prol da ampliación e mellora da estrada de Ares a Chanteiro, solicitamos do Pleno o seguinte

ACORDO

ÚNICO- Que o Pleno do Concello de Ares apoie a petición do goberno municipal dirixida á Deputación Provincial para que inclúa no Orzamento 2018 a segunda fase da estrada Ares-Chanteiro.



Intervén o Sr. Alcalde dicindo que con razón da presentación desta moción e da exposición de motivos o grupo socialista non comparte a exposición de motivos da moción do BNG, efectivamente esa dedución que como presuncións que saca o BNG está claro que non responde a realidade. O BNG goberna a deputación como a goberna o PSdeG, a deputación esta gobernada en función dun Pacto de Goberno de onde están os representantes de dous organizacións políticas e do mesmo modo que o BNG pode pregruntar a súa metade do goberno sobre isto, nós lle podemos preguntar a nosa metade de goberno. En consecuencia a mesma presunción que fai o BNG todo este tempo porque non hai ningunha medida polo Concello de Ares para que se levase a bo porto esa pretensión, o podemos dicir nós que a nós non nos consta que o BNG fora a falar coa súa metade do goberno para que nos orzamentos que aprobamos os dous grupos políticos este isto, porque estes orzamentos os van a votar vostedes favorablemente porque non son orzamentos do PSdeG, son orzamentos do Goberno da Deputación de onde estamos os dous.


Polo tanto, como esta discusión nestes termos non conducen a nada porque a súa responsabilidade e pedirllas a súa metade do goberno que se faga a estrada no 2018 como a miña responsabilidade e pedirlle a miña metade do goberno o mesmo, que eu inste a deputación a que inclúa a estrada no orzamento, vostedes teñen a metade do goberno e eu non sei o que fixeron, se foron a falar ou non coa súa metade de goberno eu dende logo si fun a falar e sigo falando coa miña metade do goberno e o veremos nos orzamentos. Os orzamentos e dos dous, porque vostedes están nese goberno igual que estamos nós.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que como non compartimos o fundamento da moción, pero si o motivo, presentouse unha moción por parte do grupo socialista no que simplemente se pide que se apoie dende o pleno ao goberno municipal para que consiga o seu obxectivo que se leve a cabo esa ampliación.

Eu simplemente recordo que aquí parece que o goberno da deputación e do PSdeG e só e do BNG cando se fan cousas favorables aí e do BNG, pero cando non nos gusta por de onde vai e do PSdeG e iso non é así, aparte de que é unha falta de respecto a un principio de lealdade porque estamos falando dunha institución que gobernamos os dous, por esa razón de ser presentouse unha moción da mesma materia "que o Pleno do Concello apoie a petición do goberno municipal dirixida á Deputación Provincial para que inclúa no Orzamento 2018 a segunda fase da estrada Ares-Chanteiro".

É un principio de Lealdade cun goberno dos nosos propios partidos están nun traballo que nos corresponde dicir a noso goberno que atenda esa petición sen desacreditar ningunha metade do mesmo, porque que eu saiba os orzamentos négocianse entre os dous grupos para que os dous grupos os voten a favor, así que eses orzamentos serán mérito dos dous grupos ou fracaso dos dous grupos, pero o que teño clarísimo e que dende o goberno sempre se pediu esa obra e se segue esixindo esa obra e eu non desconfío nese goberno da deputación que efectivamente ata agora cumpriu cos seus compromisos.

Os fundamentos das mocións do PSdeG e do BNG son totalmente distintas, o fundamento do BNG creo que é unha ofensa gratuita ao goberno municipal e sobre ese fundamento esta claro que non a vamos a aprobar e en consecuencia, se vostedes queren quedarse co fundamento e non co obxectivo é o seu problema, pero con ese fundamento non a vamos a aprobar porque non é certo, porque eu canso de ir a deputación e esixir esa estrada, canso de chamar e o poden dicir os veciños de Chanteiro que cada vez que chaman dilles que o Alcalde acaba de estar, canso pero o conseguirei e así igual que se fixo a primeira fase farei coa segunda, é outra administración, eu non presido a deputación a preside tanto o meu partido como o seu, fale ca metade do seu goberno e esixa que se inclúan nos orzamentos, dígallo a súa metade ou que non voten os orzamentos.



Intervén novamente o Sr. Alcalde dirixíndose aos grupos para fixar posicións, e pregunta quen quere intervir, dálle a palabra a voceira do PP.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dirixese ao Sr. Mesías Farías dicindo que en algo no que non esta de acordo é que o goberno non traballe, como que non traballa se o domingo elaborouse a moción, un domingo elaboraron a moción de Ares-Chanteiro. O que me parece vergoñento é que traian esta moción os dous grupos iso si que é vergoñento polo que acaba de dicir o Sr. Alcalde, están vostedes gobernando a deputación e traen unha moción, alédome que traian a moción. Nós fixemos unha emenda o día 26 de decembro de 2016, que era solicitar o Presidente da Deputación Provincial un compromiso Público no que consten as datas exactas das licitacións, contratacións e inicio das obras da segunda fase, a emenda non foi aprobada polo PSdeG e si houbo un acordo, un acordo por unanimidade, o pleno do concello de Ares tendo en conta a prioridade e necesidade de execución do proxecto da ampliación e seguridade viaria na estrada Ares-Chanteiro, demanda a esa institución que se adopte o acordo de contratación da segunda fase do devandito proxecto para o exercicio 2017, morreu, o 2017 acabou e non se fixo nada por parte da deputación na que gobernan ámbolos dous, dando cumprimento ao acordo aprobado polo pleno da deputación do 27 de febreiro do 2015, cando gobernaba o PP, isto si que é vergoñento. Traer esta moción é vergoñento e copiala un do outro e plaxiar as mocións si a levas ti tamén a levo eu, como vou ser menos.


Responde o Sr. Alcalde dicindo que a verdade é que habendo vostedes presidido a deputación durante catro anos nos que a min se me dixo sistematicamente que non por parte do seu Presidente Provincial desta obra, chama moito a atención, o único que lle digo é que este proxecto non entrou nos orzamentos do 2011, 2012, 2013 e 2014 nos que gobernaba o PP, salvo que presentarase unhas emendas que foron admitidas e apareceu por primeira vez o último ano do goberno do Sr. Diego Calvo apareceu a partida que favoreceu ao novo goberno a sacar a concurso e a licitación que eu recordo en setembro que eu tomara posesión de goberno no mes de outubro o goberno puido sacar a licitación porque no último ano do goberno do PP meteron a partida económica, e esa é a razón de ser, se vostede ten tanta présa por esa obra que pena que o Sr. Diego Calvo desaproveitara tres anos para facela estando o proxecto dende o 2008, non lle vou a contar máis porque tiveron ocasión de falar do tema co Sr. Diego Calvo e só o conseguín cando xa se ía.

O Sr. Alcalde da paso a segunda quenda de intervencións, da a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que a estrada de Chanteiro é un tema bastante debatible e as medidas que se foron tomando e as decisión que se foron tomando pois están aí, e non cree que haxa que recorrer a elas. Non vamos a recordar aquí como que vostede vendeu como quen que era a 1ª fase a obra da estrada de Chanteiro aquela capa de rodadura de 350000€ que se meteu, e vostede o vendía como que era a primeira fase. Pero compre acelerar un pouco o problema e situarse a min no me molesta que alguén meta por rexistro unha moción o domingo porque a meto polo xestióna o caso non foi ese.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non se refiren a moción do BNG senón ao do grupo socialista, di que os domingos non traballa que atende chamadas de concelleiros do PP, pero que non traballa.

Toma a palabra novamente o Sr. Mesías Farías explicando que a cuestión non é que o domingo 15 non se puidera meter senón que vostedes a meteron o luns e puxeron a data do 15 como si fora a data de recoñecer, pero ben eses son outros temas. A cuestión é que vostedes din que estarían a favor do noso acordo pero que sen embargo, ven que na exposición de motivos que é unha ofensa a súa labor de goberno municipal e para iso recorre a outra instancia que é a deputación que é a que ten a responsabilidade e ademais ten a obriga de facelo referíndose a metade e a outra metade e ti e eu. Certamente os orzamentos que se aproben terán que



ser aprobados polos dous grupos e oxalá algún grupo máis os poida aprobar, vostedes saben que esta é unha parte moi pequena dos orzamentos e polo tanto non vai a ver un voto non por parte do BNG por unha parte moi pequena do tanto por cen da totalidade dos orzamentos dito isto, quero dicir que esta proposta vai dirixida tamén ao BNG, efectivamente porque esta moción non di en ningún lado que se lle obrigue ao PSdeG da deputación da Coruña a que faga isto, se lle di ao Presidente que é o que ten a facultade para estas historias que leve a cabo nos orzamentos do 2018 esta obra e que ademais licite, contrate e que se empece a executar esta obra da segunda fase.

Polo tanto, non é un ataque dunha parte do goberno da deputación do PSdeG é unha chamada de atención ao goberno municipal porque houbo un acordo plenario do 26 de decembro do ano 2017 por unanimidade que non se levou acabo, e nós temos que dirixirnos a quen ten a facultade para levalo a cabo, outra cosa e o que nos fagamos co noso grupo que loxicamente temos as nosas esixencias e as nosas peticións e os nosos choques que son lícitos pero isto e algo moi concreto.

Ao respecto da súa moción que aquí hoxe presenta, ben ser unha rebaixa da moción que presentaron o ano pasado, porque o ano pasado en contestación a esa moción que nos presentamos e que retiramos en alas a que había algunha moción dos veciños da Plataforma Veciñal da estrada Ares – Chanteiro, retiramos a nosa moción e a nosa pretensión para darlle traslado a deles, máis vostedes non a retirastes, e nesa que vostedes non retiraron o que solicitaban eran os trámites necesarios para licitar, contratar e executar esta obra e agora vostedes veñen con esta petición rebaixada porque o único que piden e que se incluía no orzamento 2018.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo, nós poderíamos votar a favor da súa moción, loxicamente porque nós tamén estamos de acordo en que sexa incluída nos orzamentos 2018 e incluso obviando a maneira de cómo se trouxo esta moción e dese copia e pega e desa mala iniciativa de poñer unha data anterior para que pareza que se presentou antes que a nosa, pero iso o deixariamos e votariamos a favor da súa, o que nos non entendemos e que si vostedes están de acordo con os nosos puntos que propoñemos como é que non a votan a favor, simplemente porque a exposición de motivos discrepe, e que vamos a discrepar claro que vamos a discrepar, porque cada un de nós ten as súas razóns polo tanto, eu pídolle aos compoñentes deste pleno que votemos a favor incluso das dúas, senón teremos que votar a favor da nosa e non sei que faremos ca outra terei que falar cos compañeiros.


Responde o Sr. Alcalde propoñendo ao Sr. Mesías Farías que quite da moción a exposición de motivos, e si a quita a moción presentada polo BNG será votada a favor polo seu grupo.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que en alas a chegar a un acordo e que sexa aprobada por todos os grupos, de algún que propoñen aprobar, imos a retirar esta exposición de motivos, non porque non esteamos de acordo porque loxicamente nós o escribimos, senón porque é a maneira de que esta moción saia adiante.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que unha vez fixadas as posición, queda a do PP.

Intervén a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez dicindo que ela quere levar a cabo a emenda presentada no seu día, que é solicitar ao Presidente da Deputación Provincial un compromiso público no que consten as datas exactas das licitacións, contratacións e inicio das obras da segunda fase.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que pedirlle aos demais o que nos non estamos dispostos a facer parécelle absurdo, o Sr. Diego Calvo non o fixo e non llo pedimos houbo moción ao longo do seu goberno sobre esta estrada vostedes estaban presentes e nunca lle pediron ao Sr. Diego Calvo o que a día de hoxe está pedindo ao



Presidente da Deputación. Segundo dicir que aínda querendo eu creo que iso é imposible porque os procesos de contratación están tan administrativizados que iso non o consigo eu nin en Ares e vostede o ve nas mesas de contratación, de onde hai baixas hai que xustificar, logo teñen que facer informes os técnicos previamente hai que levar a cabo un proceso de expropiación porque para facer a obra hai que expropiar, esa é a realidade non podemos enganar a xente podemos facer argumentacións torticeras dende un punto de vista da política para xerar desafeccións cara o goberno que non cumpre e conseguir satisfacción nas próximas, pero ignorar que non hai expropiacións é irreal, primeiro hai que expropiar para expropiar ten que haber partida económica despois da expropiación ten que solicitarse o proxecto, licitado o proxecto ten que executarse e temos outra vez os postes de telefónica e de fenosa porque na segunda fase sigue habendo postes, agora vamos ter casas e muros porque é a zona máis estreita.

Polo tanto, si vamos a descoñecer as garantías que a lexislación establece para garantir dereitos recoñecidos aos veciños, e que non se lle poden quitar os terreos en dous días, iso ten que saír a información pública e vai a ver alegacións, teñen dereito a alegacións, na primeira fase tiveron dous veces porque a primeira non foi suficiente, entón a que estamos xogando, a que hai eleccións no 2019 e isto ten que ser o cabalo de batalla dun grupo político para desacreditar a outro, paréceme ben é lexítimo, pero non enganemos a ninguén ten que empezar desde cero.

Na segunda fase hai un proceso de expropiación nun ámbito máis complicado que na primeira fase porque é máis estreita entón sabendo que esa é a realidade vamos a loitar por esa obra e porque se faga antes, pero non vamos a enganar a xente. O ano que ben vai a dar tempo a facer expropiacións, exposición pública, alegacións, licitación e execución, se queredes facemos unha aposta outra cousa e o xogo político, pero non nos vamos a enganar os uns aos outros sobre esa realidade, eu canso por loitar por este tema pero tamén teño que recoñecer moitas cousas, non é unha administración que eu governe teño que intentar conseguir un consenso as cousas non son tan sinxelas como parecen, loitaremos pero sen enganar a ninguén, sen enganar a ninguén sen decírlle a ninguén que o ano que ben vai estar todo feito porque eso é enganar a xente. Pedir o que sabemos de antemán que non se fai unha segunda fase de ese calado sen expropiacións nun ano, vamos e que é evidente o ano que ven expropiaran, licitaran e executarían a finais do 2018 e principios do 2019 eso é o razoable, e por certo esa estrada por desgracia parece que esta medio gafada porque aínda encima están os postes de fenosa e telefónica cunhas esixencias horribles cobraban por retranquear os postes unha barbaridade a metade do que costaba a estrada, un chantaxe que non se podía admitir.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde preguntando aos grupos se fixan posicións, o BNG aceptou retirar a exposición de motivos, temos dous mocións encima da mesa, e a posición do PP favorable ou en contra non a expuxo, pregunta cal é a súa posición.


Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que o seu grupo presentou unha emenda as dúas mocións tanto a do BNG como a do PSdeG pregunta si o resto dos grupos a aceptan.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el xa dixo que non a podía aceptar porque fixar as datas é imposible.

O Sr Alcalde pregunta ao BNG si aceptan a emenda do PP.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non a poden aceptar, porque tecnicamente é imposible non se pode poñer unha data para iso.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez, dicindo que si un compromiso público.



Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que un compromiso público concreto non, que o seu grupo tamén di de apostar pola segunda fase a licitación, contratación e execución pero que non vai ser no ano 2018 ben, pero e que a moción ademais de ser unha proposta e tamén unha declaración de intencións, é unha declaración de intencións onde nós lle transmitimos a deputación para que eles teñan ese compromiso outra cousa e se pode ser viable tecnicamente ou non, o problema é que se poida levar a cabo e executar no ano 2018 esta obra, pero a declaración de intencións nós as temos que facer e eles a teñen que recibir e a teñen que aceptar ou non.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo ao Sr. Mesías Farían que entón sexamos coherentes e a túa moción aparte de quitarlle a exposición de motivos fas constar, que durante o ano 2018 se expropie, se licite e se contrate.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando que si o que quere é que se licite sen expropiación, pois metamos todas as fases, expropiación e licitación no ano 2018 pero si engade se execute xa é imposible, agora que se expropie, licite e se contrate deixando a execución porque non vai a dar tempo e o máis sensato. Nós podemos pedir que expropien, liciten e contraten pero que executen non, porque é razoable que non pidas a execución porque para o 2018 e imposible, pero fai constar que se expropie, licite e contrate no 2018.


Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non ten ningún problema.

Intervén o Sr. Alcalde explicando o porque, porque os cartos da expropiación e diferente da do proxecto e non vaian a facer o proxecto sen estar expropiados os terreos e co tema da expropiación se nos atrasen, entón si estamos de acordo en traballar xuntos por isto sexamos sensatos e poñamos as cartas sobre a mesa, hai que esixir que se expropie, licite e contrate para o 2018, porque si non pedimos que se expropien van a facer o proxecto vano a licitar e vamos ter que esperar polas licitacións como pasou coa primeira fase, que houbo que facer unha segunda fase de expropiación co proxecto licitado e contratado e eu non quero que noso goberno tome como escusa que non pedimos as expropiacións, pero dende logo a min gustaríame ver no orzamento uns cartos para expropiacións e outro para licitacións, porque xa vivín unha licitación sen expropiación e nolo tivemos que comer, entón traballemos xuntos e sexamos coherentes.

Continúa o Sr. Alcade preguntando ao Sr. Mesías Farías se quita a exposición de motivos e engade que se expropie, licite e contrate para que logo ninguén diga que non hai diñeiro para expropiar.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non ten ningún problema e quitar a **exposición de motivos** e en engadir **expropiación, licitación e contratación** a emenda presentada polo seu grupo, o que pasa e que loxicamente contratar sen expropiar xa sabemos o que é, e como é posible que se pense en contratar unha obra que previamente aínda non foi expropiada iso xa é un erro técnico-administrativo que implica un tema político, eu non teño ningún problema, expropiación, licitación e contratación pero xa non o puxemos porque entendemos que xa era así.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo que no orzamento vai por distinta vía, e como non metan cartos para expropiar unha segunda fase de onde hai terreos urbanos e polo tanto e máis cara, de onde hai muros e vivendas polo tanto é máis cara. A expropiación da segunda fase non é a da primeira, a segunda fase non vai a custar dous duros e iso e unha batalla porque van a ser cartos, entón forcemos a expropiación, licitación e contratación porque a execución e imposible, ninguén vai a pedir unha execución no 2018 e sinceramente coa expropiación iniciada as alegacións dos veciños e trámite de expropiación vai ser moi difícil que liciten no 2018.



Eu non vou a enganar a ninguén, que se pode conseguir si, pero como catro veciños non estean de acordo e vaian ao contencioso que teñen dereito e hai moitas posibilidades de que vaian ao contencioso porque tócanse propiedades sensibles, isto non e anchar a estrada ata o límite é o único que te enfastían son as tubarías, aquí entran muros, como algún veciño vaia o contencioso e solicite un interdito de obra nova como protección a súa propiedade a obra suspendese, os interditos protexen a posesión, suspenden as obras e é a defensa que temos cando ven un promotor e arrasa con todo quere edificar e arrasa co teu,

Finaliza o Sr. Alcalde a súa intervención concluíndo que como representantes políticos temos que ser sensatos e dicir no 2018 vaise expropiar, licitar e contratar oxalá, eu o vou a pedir coma ti, executar nin de broma e expropiacións a cantidade non é a da primeira fase, esa é a realidade e non hai máis volta que darle. Diríxese ao Sr. Mesías Farías agradecendo que acepte as emendas e que falta que se pronuncie sobre a emenda do PP.

Resposta o Sr. Mesías Farías dicindo que xa o fixo, que é un non.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que o seu grupo non aceptan a emenda do PP porque consideran que non poden poñer data, que falta a expropiación, e en consecuencia procederemos a votar as mocións.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando a voceira do PP Sra. Martínez Martínez si mantén a emenda.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que non, que a retira.

Sometida a votación a Moción presentada polo BNG "ESTRADA DE CHANTEIRO" o Pleno do Concello de Ares por unanimidade de todos os membros da Corporación, 13 votos a favor (PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON de Ares, 3 PP e 3-BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Acto seguido sometese a votación a Moción presentada polo PSdeG "ESTRADA DE CHANTEIRO" o Pleno do Concello de Ares por unanimidade de todos os membros da Corporación, 13 votos a favor (PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON de Ares, 3 PP e 3-BNG), acorda prestar a súa aprobación.

B) Moción do BNG "CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL"

Intervén o Sr. Alcalde dando paso a moción presentada polo BNG, que coincide con dúas presentadas por vía de urxencia por parte do PP e do Grupo Socialista e unha moción "CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL", ten unha exposición de motivos bastante longa e roga axuste a intervención aos acordos, a partir da súa intervención votarase a urxencia das outras dúas e debatiremos, si se chega a un acordo vótanse en conxunto e senón por separado.


Dáse conta da Moción presentada polo voceiro do BNG D. Emilio Mesías Farías, de data 23 de outubro do 2017, que seguidamente se transcribe.

MOCIÓN SOBRE O 25 DE NOVEMBRO CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego. ao abeiro do Regulamento orgánico municipal. presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno a MOCIÓN CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL

Exposición de motivos

A traxedia da vaga de lumes forestais que vén de arrasar Galiza provocou en catro días a morte de catro



persoas, puxo en situación de grave risco núcleos urbanos e miles de persoas viron as súas vidas ás portas da morte; deixou vivencias, centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas (máis de 48.000 hectáreas este ano. tanto como nos tres anos pasados).

O Goberno galego era consciente de que Galiza atravesaba unha das maiores secas das últimas décadas. que as comarcas de Ourense levaban ardendo durante toda a semana e que os coletazos do furacán Ofelia traería fortes rachas de vento. A pesar diso. a política do Partido Popular (PP) vai no sentido inverso: redución das franxas de protección. despedimento de case medio milleiro de traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA a semana anterior e a non aplicación durante todo o ano das medidas de prevención.

Para o PP. unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural que abranxa a posta en valor dos terreos forestais, o aproveitamento diversificado e multifuncional do monte, a aplicación de medidas preventivas e de actualización do propio dispositivo de loita contra os lumes forestais. non existe.

En 2007 aprobouse por primeira vez unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galiza. Dita norma sentaba os alicerces para dar prioridade a unha actuación preventiva contra os incendios forestais, combinando medidas de ordenación forestal do territorio o impulso ao asociacionismo na explotación forestal, a inserción da política forestal na de desenvolvemento rural. deixando de ser unha política sectorial illada doutras actividades no medio rural, e a regulación dunha planificación eficaz dos dispositivos contra o lume.


Esta Lei foi derogada polo PP. sen máis argumento que o desprezo pola súa autoría sen ningún criterio lóxico, nin dende o punto de vista da prevención e loita contra o lume, nin para propiciar o desenvolvemento do rural e, o que é peor, sen implementar ningún modelo alternativo. acordando a pura e simple eliminación de medidas avanzadas de prevención e a volta á relegación e parálise da política preventiva e de ordenación forestal como principal panca para erradicar os incendios forestais en Galiza.

O goberno do PP. desde aquela, abriu a posibilidade de forestar terras agrarias. permitindo as repoboacións forestais en terras adicadas ao labradío prados ou pasteiros. Oeste xeito aumentou o desorde territorial, diminuíu a posibilidade de incrementar as explotacións, propiciou o abandono do mundo rural e aumentou o perigo dos incendios forestais.

O goberno do PP. ademais. reduciu na metade a obriga de xestionar a biomasa vexetal nunha faixa de 100 metros arredor de calquera núcleo ou actividade situada a menos de 400 metros do monte. E reduciu de 50 metros a 25. a contar desde a extrema da propiedade, a prohibición de especies que favorezan a propagación do lume {eucalipto. acacia, piñeiro...}.

Estas reformas só poden ser entendidas. ademais, se con elas se pretende favorecer os intereses de certas industrias como ENCE ao permitir grandes plantacións de especies de crecemento rápido como o eucalipto.

O BNG leva anos denunciando que este é un dos principais problemas estruturais do noso país. E como tal, a resposta tamén debe atacar ao problema de fondo. No mes de xuño. a Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, após os incendios do Pedrógao en Portugal fíxolle un ofrecemento ao Presidente da Xunta de Galiza. para chegar a un grande pacto nacional galego en defensa do noso monte que Feijóo nin se dignou en contestar. Os aspectos a abordar como a desertización, o abandono de explotacións agrarias. monocultivo do eucalipto ao servizo basicamente de ENCE. a falta dun aproveitamento multifuncional do monte galego que aproveite todo o seu potencial, servizo de prevención e extinción precario, estacionalizado e sen mando único, etc., seguen aínda pendentes.



Diante disto o goberno do PP. aplica a política da manipulación informativa e do autobombo, botándolle a culpa ao vento, a Portugal... sen asumir as súas responsabilidades. Mesmo pre- tende atribuír aos concellos funcións propias da administración forestal, como a contratación das brigadas de extinción ou a realización de labores de limpeza nos límites das masas forestais, cando carecen de financiamento público municipal e son, se nos atemos aos criterios da pretendida 'racionalización da administración local' que impuxo o PP. competencias impropias dos entes locais.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza á:

1. Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.
2. Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.
3. Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.
4. Estabelecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a Incrementar e a dispersión xeográfica e de mandos.
5. Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:
 - Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.
 - O establecemento e mantemento de faixas de protección.
 - Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.
6. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.


O Sr. Alcalde da a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando cales son as mocións pola vía de urxencia.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que son dúas unha do PP e outra do PSdeG tamén polos lumes.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que non as teñen.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que unha vez vivido nas últimas datas ao respecto dos lumes que asolaron Galiza entenden que hai que actuar de algunha maneira, isto non é unha cuestión concreta, non é unha cuestión da que non pode haber solución, pero tamén é certo que é unha situación complexa porque toca varios sectores, toca o negocio madeireiro os negocios dunha empresa particular ENCE e toca tamén esa falta de planificación forestal que hai, a realidade é que non da solución ao problema no que está, entón nos instamos a



este acordo, e que o pleno así o debata e tome o seguinte acordo *"Instar á Xunta de Galiza á executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais. Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas. Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas. Estabelecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos. Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante: Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia, o establecemento e mantemento de faixas de protección e incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais"*

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai dúas mocións presentadas por vía de urxencia, a moción do Grupo Socialista e totalmente compatible ca que se acaba de expoñer, entende que a moción do BNG e unha moción que entende unha política xeral nesta materia e a moción do PSdeG céntrase máis na situación destes incendios entón solicita que se actúe como consecuencia dos danos causados.

Logo temos unha moción que presenta o PP tamén por vía de urxencia onde conforma unha serie de peticións as administracións públicas e ademais unha felicitación a todos os que participaron na extinción de lume. Son Tres mocións que non teñen que ver nada unha ca outra e entende que si xa se aproba a urxencia do PSdeG e do PP ábrese un debate pero non teñen moito en común as mocións.

Procedese a votar a urxencia das dúas mocións presentadas polo PP e polo PSdeG

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello sobre a Moción presentada polo PP en "RELACIÓN Á VAGA DE LUMES QUE SUFRIU GALIZA" e polo PSdeG "SOBRE A VAGA DE LUMES QUE ASOLOU GALICIA" por 13 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON de Ares, 3 PP e 3-BNG), o que supón a unanimidade dos membros da Corporación, acorda ratifica-lo carácter urxente do asunto.


Dáse conta da Moción presentada polo PP, de data 25 de outubro que seguidamente se transcribe:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE ARES, EN RELACIÓN Á VAGA DE LUMES QUE SUFRIU GALICIA

O Grupo Municipal no Concello de Ares, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia sufriu entre o 12 e o 17 de outubro una vaga de lumes sen precedentes, un episodio de actividade incendiaria que supuxo un atentado contra o rural, o medio ambiente, a economía, a vida animal e o máis importante puxo en risco a vida das persoas, producíndose un fatal desenlace co falecemento de catro persoas que lamentamos en profundidade.



Galicia non arde soa. A Galicia quéimana. O acontecido trátase dunha verdadeira afronta e unha aldraxe, que se fixo partindo de dous condicionantes excepcionais, unhas condicións meteorolóxicas extremas, con fortes ventos, altas temperaturas e moi baixa humidade e unha actividade incendiaria desaforada. Mesmo houbo que facer fronte a incendios que procedentes de Portugal se propagaron en Galicia.

Estes elementos conformaron un ataque inxente que forzou ata o límite o dispositivo despregado pola Xunta de Galicia e que estaba composto por 350 brigadas, 220 motobombas, 40 pase unha vintena de medios aéreos, ademais de bombeiros de toda Galicia e Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), uns 5.600 efectivos en total que xa estaban incorporados durante a fin de semana, incluíndo os máis de 600 efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME), apoiados con 18 autobombas e 6 nodrizas e mesmo, dentro dos medios aéreos, helicópteros procedentes de bases situadas en Murcia, Toledo ou Guadalaxara.

Trátase do maior operativo despregado nesta época do ano e dun dos maiores da historia. Xunto á inestimable colaboración de voluntarios de Protección Civil e de veciños dos lugares afectados, fixéronlle fronte a focos que se sucedían continuada e simultaneamente, e que se multiplicaban en cuestión de minutos.

Todos ternos responsabilidades na prevención dos incendios forestais, incluíndo os propietarios dos terreos e os concellos e demais administracións, xa que tamén teñen as súas abrigas en relación coas súas propiedades e vías de titularidade municipal.

Esta vaga de lumes afectou indistintamente a áreas de monte raso, arborado e ordenado, a zonas de pasto, a explotacións gandeiras, a viñedos, e mesmo tamén a núcleos rurais e áreas urbanas con afección a bens inmobles e mobles. En poucas horas activáronse uns 264 incendios que puxeron a proba ao operativo coordinado pola Xunta de Galicia.


Os cidadáns en xeral e cada administración, no marco das súas competencias, debemos actuar para facer fronte a este problema, que é un problema de todos.

O repunte dos incendios en determinadas épocas do ano, máis aló do verán, é algo habitual nos últimos anos, rexistrándose unha considerable actividade incendiaria en primavera, e como ocorreu este ano de xeito moi marcado, ao longo do mes de outubro. Por iso, e dadas as condicións climatolóxicas adversas que estamos a vivir, a Xunta prorrogou o período de perigo alto de incendios ata o 31 de outubro, manténdose a prohibición das queimas de restos agrícolas e forestais ata nova orde.

En todo caso, o dispositivo galego é potente e flexible, o que permite adaptalo ás circunstancias de cada momento, por iso se puido reforzar o operativo de loita contra os incendios tanto de medios materiais como humanos declarando a emerxencia e prolongando o período alto risco por incendios forestais.

A mellor forma de parar un lume é que non comece, e nesa batalla contra os incendiarios ternos que estar todos, medios policiais, Fiscalía, administracións e toda a sociedade.

Por outra parte, no Consello da Xunta de pasado xoves 19 de outubro aprobouse un decreto de medidas urxentes para tentar paliar e reparar os danos provocados polos lumes. A prioridade é atenderás familias das vítimas mortais, neste sentido incrementáronse as indemnizacións para os seus familiares destes falecidos como consecuencia do terrorismo incendiario.



En relación ás persoas que sufriron perdas materiais, especialmente aquelas que viran como o lume afectaba ás súas casas, disporán tanto de asesoramento como de axudas. Daranse tamén axudas para aloxamento ata a reparación das vivencias, ademais de avaliar as naves industriais afectadas que non teñan póliza de seguro.

Tamén se está a traballar na análise dos ríos e das costas co obxectivo de minimizar o risco de que as precipitacións provoquen riadas; planificar a reforestación da superficie afectada, cando sexa preciso, e rexenerar así o patrimonio natural. E a Xunta tamén está a traballar coas confrarías para identificar aqueles terreos danados polos incendios que poidan supoñer un risco para os bancos marisqueiros.

É necesario que nese proceso de apoio aos afectados se involucren todas as administracións. As Deputacións Provinciais, que son os organismos máis achegados aos concellos, e o Estado, deben colaborar tamén para que os danos provocados polos incendios sexan reparados coa maior brevidade posible.

Por todo isto, o grupo municipal do PP solicita ao Pleno da corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Trasladar o agradecemento e apoio a tódolos profesionais que forman parte do operativo de extinción de incendios que coa súa actuación evitaron que a traxedia fara maior, así como as Forzas e Carpos de Seguridade, que coa imprescindible colaboración cidadá, están levando a cabo as súas investigacións para tentar esclarecer a autoría dos incendios.

2.- Instar a todas as administracións públicas a asumir as súas responsabilidades en materia de prevención cumprindo coa normativa vixente.

3.- Solicitar a todas as administracións a adopción de medidas urxentes co fin de rexenerar as zonas danadas, restablecer os servizos esenciais, compensar aos afectados e atender as necesidades derivadas desta situación, entre elas a minimización do risco de que as precipitacións poidan causar riadas ou danos aos bancos marisqueiros.

4.- Instar ao Estado e ás Deputacións Provinciais (estas últimas como principais organismos encargados de dar apoio aos concellos) para que se unan á Xunta de Galicia e participen na concesión de axudas destinadas a paliar os efectos dos fumes. En particular, instase ás Deputacións, en virtude das abrigas que a estes efectos establece o artigo 38 da Lei de Emerxencias de Galicia, a implicarse no cofinanciamento das actuacións de reparación de danos producidos nos bens e instalacións de titularidade municipal.


O Sr. Alcalde da a palabra a voceira do PP para expoñer o motivo da moción que presenta.

Intervén a Sra. Martínez Martínez lendo a moción anteriormente transcrita.

Dáse conta da Moción presentada polo PsdeG, de data 30 de outubro que seguidamente se transcribe:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARES SOBRE A VAGA DE LUMES QUE ASOLOU GALICIA

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someterá consideración do Pleno a seguinte **Moción**.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa no pasado domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgraza para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a autopercepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesmo e da súa terra. Pero, indiscutiblemente, e sen punto de comparación, as desgrazas humanas sufridas durante estes días que causaron a morte de 4 persoas foron unha perda irreparable e insuperable.


O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte supón un elemento de grande perigo, e un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, Concellos, Deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da administración e os distintos colectivos.

A política de extinción de incendios do Goberno da Xunta de Galicia foi errática e chea de bandazos. A decisión de non prolongar contratos de persoal antiincendios (fixos descontínuos de 3 meses 436 persoas e 500 de Seaga), a facilidade de procesos de privatización dos recursos dispoñibles, a deixamento na atención as advertencias de perigo que dende distintos puntos e voces autorizadas e expertas fixeron do nivel de perigo existente, o rexeitamento de iniciativas parlamentarías e municipais que fixeron distintos grupos políticos.

A situación vívida especificamente nos últimos días, e nomeadamente no último domingo, foi absolutamente desesperanzadora. Os concellos víronse sobrepassados, mais tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios municipais e/ou con minguados efectivos autonómicos. Existiu unha claramente deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ares somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas a Xunta de Galicia:

- Conformer un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e carpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.
- Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.
- Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e manantiais.
- Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas.
- Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas



orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia galega contra os incendios.

Intervén o Sr. Alcalde explicando que na moción presentada polo PSdeG na exposición de motivos aparte de que loxicamente se fale dos incendios, insta a Xunta de Galicia porque de acordo co art. 148.1 da Constitución ten as competencias exclusivas na ordenación do territorio en agricultura e gandería, en montes e aproveitamentos forestais e protección do medio ambiente. Iso de pedirlle a outras administracións que fagan non sei que, cando non teñen competencias e obviar que as ten. A Xunta de Galicia e a que ten as competencias nesta materia, pero ben a moción do PP está chea de peticións as administracións Públicas cando resulta que hai unha que ten todas as competencias pero agrádecese que diga que Galicia non arde soa que a queiman porque no 2007 tivemos ocasión de ver os incendios de onde a deslealdade coa foto de Feijoo coa mangueiriña foi brutal pero ben, esas deslealdades surxen moi a miúdo pero logo para outras cuestión aí estamos nós coméndonos os marróns ao lado do goberno.


En consecuencia recoñecendo que ten as competencias nesta materia e só Xunta de Galicia, repito só a Xunta de Galicia pois solicitamos *"conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e carpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galega e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes. Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017. Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e manantiais. Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas. Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia galega contra os incendios"*.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que as tres mocións presentadas son moi diferentes, que todos tiveron unha queda de intervencións, e agora damos paso a segunda queda para debater e fixar posicións.

O Sr. Alcalde da a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que certamente estamos nun mesmo punto pero en tres direccións distintas, a nosa moción vai ao respecto do que é necesario para que non se produza o que se produciu no mes anterior, e todo un plan para previr que iso non se produza. O PP sabe que o BNG leva anos denunciando como está o abandono do rural e como está política forestal só digo unha cousa, é moi posible que vaíamos polas rúas e vexamos algunha casa abandonada e que teña cristais rotos, e é moi posible que vaia a haber máis cristais rotos quero dicir, que certamente aquilo que está abandonado e branco de algún tipo bueno, non sei como dicilo, Galiza arde, Galiza queima, Galiza morre pero é porque o monte está abandonado porque senón estivera abandonado non o queimarían porque tampouco queiman as cidades nin os barrios.

Continúa o Sr. Mesías Farías, creo que a mellor prevención é un coidado do rural e do monte e e ademais facer unha política forestal para que iso xenere diñeiro a noso país porque ademais somos fortes nesa historia temos unha extensión e un rural enorme que temos totalmente abandonado o que



pasa que sabemos que hai outras intencións por parte do PP en concreto o caso máis forte que é o caso de ENCE, como pode ser que ENCE a día de hoxe este aí, pois ENCE está aí porque é unha das moitas grandes empresas nas que se apoia o poder, o poder en Madrid, e cando digo o poder en Madrid, digo o PP e o PSOE forman parte de todos os consellos de administración destas grandes empresas, as portas xiratorias famosas, entón non hai mais que ver cal é o consello de administración de ENCE para decatarse de cómo e posible que se lle renovase a concesión a ENCE para manterse aínda na ría, estas historias son as que levan despois ao tema dos incendios.

Nós o que pedimos no mes de xuño a Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, após os incendios do Pedrógao en Portugal, fíxolle un ofrecemento ao Presidente da Xunta de Galiza, para chegar a un grande Pacto Nacional Galego en defensa do noso monte, que Feijóo nin de dignou en contestar, quero dicir el non o ve necesario chegar a un gran pacto e poñer sobre da mesa cales poden ser os motivos polos que noso monte arte e cales son os motivos polo cal o noso rural está a desaparecer polo tanto, a nosa moción incide o que nos creemos que é o problema por iso nós, votaremos a favor pero queremos saber cales son as posturas do resto dos grupos políticos ao respecto das tres mocións, porque gustaríanos saber o que van a votar os demais grupos porque certo é, que a moción do PSdeG vai en concreto destes lumes que pasaron, entón para cerrar xa a miña intervención, gustaríame que os demais grupos se posicionasen ao respecto das mocións.

Nós xa dixemos que a nosa ímola a aprobar, a do PSdeG teremos que mirala e saber como responde o PSdeG sobre a nosa e nesas alas de entendemento que estamos tendo neste pleno que vai moi rodado, pois tamén tomaremos unha decisión o que si temos claro é que a moción do PP lamentablemente non a vamos votar a favor.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que todos podemos estar en contra dalgunhas cousas pero o das portas xiratorias no caso de ENCE iso de que o PSOE está no consello de administracións pois non sei.


O Sr. Alcalde diríxese ao Sr. Mesías Farías pedindo por favor que expoña os datos e que diga quen do PSOE forma parte do consello de administración de ENCE.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non dixo que o PSOE este no consello de administración, dixeron que isto ten moito que ver con que as grandes empresas, o PSOE e o PP están no consello de administracións con as portas xiratorias, pero non concretei que en ENCE haxa xente do PSOE, porque a min o que paréceme grave e a composición dos consellos de administración independentemente de que este o PSOE O PP ou calquera outro partido iso é o que nos dixemos.

Intervén novamente o Sr. Alcalde preguntando ao Sr. Mesías Farías si o que foi vicepresidente da Xunta do BNG volveu de enfermeiro ao centro de saúde.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non sabe, pero que está en contra das portas xiratorias e si o vicepresidente do goberno do BNG entrou nun consello de administracións eu direi que estou en contra das portas xiratorias e si o quere entender ben e si non o quere entender.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o que non entende son acusacións concretas faltando a norma, o consello de administración de ENCE está integrado por varias persoas eu só coñezo a dúas, do resto non coñezo (fai lectura da lista do consello de administración), só me soan unha Dña. Isabel Tocino, D. José Carlos del Alamo, D. Fernando Abril Martorell, ao mellor o BNG ten que enviarlle esta moción a estrés tres persoas.




Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que é normal que tivemos unhas condicións metereolóxicas extremas e iso non se ten en conta, ardeu o país veciño pero no país veciño non pasa nada só pasa aquí, porque pois porque goberna o PP utilizan a demagogia para todo senón gobernara o PP habíamos de calar todos, todos caladiños pero como goberna o PP vamos todos en contra que é a súa forma de fixar. Instar a todas as administracións públicas porque todas as administracións públicas están involucradas neste tema, todas, absolutamente todas, instar ao Estado durante a vaga do lume producíronse un total de 264 incendios nun só día declaráronse tres veces máis lumes que o día de maior intensidade no mes de agosto, e Sr. Emilio Mesías chegou a Vigo as cidades tamén chegou, utilizan a demagogia con fins políticos é deleznable.

Responde o Sr. Alcalde dicindo a voceira do PP que a súa intervención é moi penosa por dúas razón, a primeira é porque benvidos ao argumento que non recoñeceron no ano 2006, no ano 2006 vostedes dixeron que a culpa dos incendios a tiña o bipartito e agora como son vostedes os que gobernan din que Galicia a queiman, a queimaron co bipartito e a queimaron agora, iso cae de queixón foi o único que dixeron e engadín que a lealdade do seu partido é tan grande porque fixeron política do terrorismo, dos incendios en calquera caso é a lealdade co estado e a deslealdade entre vostedes porque presentar unha moción votando balóns fora, cando resulta que as competencias son todas autonómicas e pedirlle a todas as administracións medidas urxentes co fin de rexenerar as zonas danadas, pero que competencia ten o concello de rexenerar zoas danadas de onde está esa competencia municipal pero ademais compensar aos afectados pero que concello ten que compensar aos afectados e atender as necesidades derivadas desta situación, entre elas a minimización do risco de que as precipitacións poidan causar riadas ou danos aos bancos marisqueiros, pero que competencia ten o concello sobre bancos marisqueiros sobre zoas hidrográficas, pois si en vez de pedirllas ao seu presidente a Xunta de Galicia que é quen ten a competencia vota balóns fora pedindo a todas as administracións que non temos competencia esas medidas, efectivamente isto e votar balóns fora porque non asumen a súa responsabilidade, pero o peor de todo e que no 2006 votáronlle a culpa ao bipartito e agora recoñecen que os incendios por desgraza prodúcense con todos os gobernos e esa é a realidade, entón Sra. Martínez Martínez non terxiverse a miñas palabras porque esa é a verdade, o único que lles digo que benvidos a un razoamento que no 2006 votouse en falta, que no ano 2006 votáronlle a culpa ao goberno.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que por alusións vaise referir un pequeno apunte ao PP, aquí non hai ningunha demagogia, creo que non teño que ler a nosa moción, si leron a nosa moción aquí o único que fala e que hai un problema grave co lume e de que é un problema estrutural e nós poñemos unha serie de medidas para chegar aí, pero eu non vexo por ningún lado na miña moción que diga que ouro monte ardeu porque estaba gobernando o PP outra cousa, outra cousa e que as medidas tomou o PP poidan favorecer aos problemas do lume, pero a nosa moción non vai nese sentido, vai claramente nesa proposta que fixo a portavoz do BNG a Sra. Ana Pontón ao Sr. Feijóo e que non contestou e que creemos que é un problema estrutural, e lle pode pasar a calquera independentemente de quen este gobernando.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dirixíndose ao Sr. Mesías Farías dicindo que el nin os que están aquí son idiotas cando dixo da participación no consello de administracións de ENCE das portas xiratorias do PP e do PSOE e que aquí dixeches que o PP e o PSOE non era allea aos incendios iso foi o que dixeches.



Sometida a votación a Moción presentada polo BNG “CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL” o Pleno do Concello de Ares por 9 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 SON de Ares), 3 en contra (3-PP) e 1 abstención (NAL) acorda prestar a súa aprobación.

Acto seguido sometese a votación a Moción presentada por vía de urxencia polo PP en relación á “VAGA DE LUMES QUE SUFRIU GALICIA” o Pleno do Concello por 3 votos a favor (3 PP), 9 votos en contra (5 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 SON de Ares), e 1 abstención (NAL) acorda rexeitar a presente Moción do Grupo Popular.

Sometida a votación a Moción presentada por vía de urxencia polo PSdeG “CONTRA A VAGA DE LUMES QUE ASOLOU GALICIA” o Pleno do Concello de Ares por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 BNG, 1 SON de Ares, 1 NAL), 3 en contra (3-PP) acorda prestar a súa aprobación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que incluíuse no orde do día por vía de urxencia non unha moción, senón un punto de trámite dunha actuación para o POS+Adicional 1/2017. Executando o POS debido as baixas pois sempre sobran cartos como é unha subvención aos concellos as baixas reverten ao propio concello e si son superiores a 30000€ che deixan facer unha obra a maiores, senón chega aos 30000€ non, con eses cartos se queda a deputación. Neste caso a obra deixou un remanente de mais de 30000€ entón efectivamente nos deixan facer unha obra a maiores, queremos facer un aglomeración nun camiño de Chanteiro que está xusto detrás do Outeiro o Camiño do Curro e lavadoiro, está deteriorado e como xa actuamos ao longo de este inverno por outro que hai paralelo a este pois queremos continuar, e polo que solicitamos o voto favorable do pleno.

O Sr. Alcalde abre a quenda das intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que como non teñen os datos que vansen a abster.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que non sabe si ese camiño ten as necesidades como outros camiños, porque por desgraza neste pobo os camiños están totalmente rotos, entón non sabe si ese ten máis prioridade que outros polo tanto o voto vai ser abstención, porque hai máis camiños que seguro que están na mesma situación.


Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que é certo que hai mais camiños pero menos cos que deixaron cando gobernaban, porque que el saiba gobernando arranxamos o Mazote que o deixastes moi ben estaba magnífico, a subida ao cementerios que daba pena, o acceso ao Porto etc... por iso digo que hai bastantes menos dos que había.

En calquera caso, isto ven por razóns de urxencia é un aglomerado normal e é nunha rúa que o necesita.

Acto seguido sometese a votación por razóns de urxencia a proposta presentada polo grupo de goberno “APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2017, ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DO CAMIÑO DO CURRO E LAVADOIRO” o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON de Ares e 1 NAL) e 6 abstencións (3 PP e 3 BNG) acorda aprobar a proposta.

Antes de entrar na quenda de Rogos e Preguntas o Sr. Alcalde pregunta os Srs. Voceiros se teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de urxencia.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS



Intervén o Sr. Alcalde, abrindo a quenda de intervencións de rogos e preguntas, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando como esta a situación o si existía algunha previsión ao respecto da auga, sabemos que vai haber serios problemas coa auga noutros sitios estanse tomando medidas, e queremos saber polo que afecta a nós como estamos nese sentido, si vamos ter problemas e cales son as medidas no caso de que suceda para notificar ao vecindario o algunha medida para saír disto.

A segunda cuestión que lle quería plantexar ao Concelleiro delegado en materia de elaboración, tramitación do PXOM é que a última data que se nos dixo que se ía a levar a aprobación foi en setembro, pero no mes de setembro non sei si o saben non vai ser, e increíble nos o dixemos en algunha comisión nos queremos saber a data pero si non teñen claro a data díganme que non o temos claro pero non sempre poñedes unha data.

Tamén quero preguntarlle ao Sr. Luis Cendán como está esa moción que se aprobou aquí por maioría ao respecto que era entregar aos grupos os informes sectoriais, publicar na web os informes sectoriais e non temos constancia de que se fixera esa publicación, e o terceiro punto notificar aos afectados que presentaron alegación que tamén sabemos que non se fixeron. Queremos saber porque non se fixo e se hai algo que o impida, cando se vai facer e si hai previsto que se nos traia o plan con esas modificacións que nos aínda non vimos para poder estudalas e ter unha previsión de cando vai ser a aprobación do PXOM.


A outra pregunta tamén a quero dirixir ao Concelleiro de Persoal o Sr. Luis Cendán porque é unha cuestión que afecta a súa área, segundo vemos na acta de Xunta de Goberno do 26 de setembro no punto 7 di "dar conta das sentenzas do Xulgado do Social nº1 de Ferrol e Contencioso Administrativo nº1 de Ferrol, di que dáse conta da sentenza do Xulgado de Ferrol , procedemento ordinario 752/16 sentenza 286/17 demandante un traballador D. Agustín Suárez e da sentenza do xulgado contencioso administrativo nº1 de Ferrol no procedemento abreviado 4/2017 do demandante D. Manuel Larrosa en relación ao abono de trienios. O Concelleiro de Persoal Sr. Luis Cendán propón que se inicie unha negociación cos representantes do persoal funcionario-laboral con obxecto de establecer unha fórmula para que se proceda a devolución das cantidades percibidas indebidamente. A nosa pregunta para ir concretando é primeiramente non temos coñecemento porque aquí non se trouxo a pleno como se traen outras sentenzas para dar conta, non temos coñecemento que se trouxeran estas dúas sentenzas tanto a 752/16 como a 4/2017 o que si temos.

Responde o Sr. Alcalde de que data e a sentenza do Sr. Manuel Larrosa.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non o pon.

Responde o Sr. Alcalde preguntado a data da Xunta de Goberno.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que a data é do 26 de setembro, que o que recordan que foi ao pleno e que o Sr. Secretario presentou un contencioso contra o concello que nós non entendíamos a historia era que había dous criterios, un que dicía que si que debía percibir o abono dos trienios e outro que non. Por parte do Alcalde non estaba moi claro si se podía ou non entón por iso ordenou que se deixara de pagar os trienios no ano 2016 ou 2015 ese é o último dato que temos, polo que se ve agora xa hai unha sentenza que supoñemos que foi ao respecto de esa demanda que presentou o Sr. Secretario, aquí o que di e "devolución das cantidades percibidas indebidamente polo que nos entendemos que nesas dúas sentenzas o que di e que estas dúas persoas estiveron ingresando unhas cantidades indebidas. A nosa pregunta é desde cando están ingresando estas cantidades indebidas, cal é a cantidade e porque propónse unha negociación cos representantes sindicais dos funcionarios-laboral con obxecto de establecer unha fórmula para que se proceda a devolución das cantidades. Quero dicir si



quen recibía esas cantidades percibidas indebidamente son persoas físicas como e que se vai negociar cos representantes dos traballadores, serán os que as percibiron os q teñen q negociar non é un convenio.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez facendo as seguintes preguntas;

A primeira pregunta, en que consiste o proxecto de mellora do trazado da estrada de Chanteiro.

A segunda pregunta, porque canalizouse nunha tubería que xa está máis que saturada as augas fecais da Avda. Saavedra Meseses e Salazón.

A terceira pregunta, porque non se levou a Comisión de persoal as setenzas 286/17 e 4/2017 sobre o abono de cantidades percibidas indebidamente por trieneios.


A cuarta pregunta, para cando o balance do servizo municipal do auga e para cando o cobro do recibo bimensual do auga

E por último un rogo, que se leven todas as facturas a comisión de facenda senón e imposible fiscalizar, como e dar conta tería que estar preguntando por cada unha das facturas faríamos os plenos eternos.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo as preguntas do Sr. Mesías Farías, dicindo que o portavoz do grupo de goberno é él e que as preguntas vainas contestar él a non ser que o Sr. Luis Cendán como concelleiro queira intervir.

En canto o PXOM falamos aquí de que hai que poñer datas a veces hai imposibilidade de cumprilas pero lóxicamente unha previsión da realidade, nós queríamos ter todo no mes de setembro sen dúbida algunha e estamos a espera de recibir os plans finais dependemos do ritmo de traballo de quen ten o encargo de presentar a documentación co acabado final, unha vez que veñan todos os informes a acomodación dos plan aos diferentes informes sectoriais un mes de atraso porque colleu o verán polo medio pero despois de 6 ou 8 anos un mes e previsible. O informes sectoriais entregáronse aos grupos, non sei si están na web e en calquera caso todos sabemos que a tramitación do plan a marca a Lei do Solo, e de acordo ca Lei do Solo e coa aprobación do plan quedan desestimadas as alegacións que son incompatibles e quedan aprobadas as que recollen, non hai unha contestación das alegacións e logo unha aprobación do plan. A aprobación e un acto administrativo en virtude do cal se desestiman as alegacións co plan non recolle e se estiman as alegacións que por votación pleno o plan recolle, non se pode desestimar algo sobre a base de algo que non está aprobado, é a aprobación do plan a que permite estimar ou estimar as alegacións.

En canto a esas sentenzas das que falas, non sei si foron ao pleno ou non solen vir todas pero a 752/16 esa veu a pleno a min sóame que si, e a outra que é máis recente non sei si veu ou non. En calquera caso trátase duns conceptos discutidos que esixen unha comprobación xurídica de si son procedentes ou non, eu xa o dixen moitas veces no pleno non hai maior seguridade xurídica que a que da unha sentenza, entón agora no é o Alcalde nin o grupo municipal o que quita nada aos traballadores prefiro que vaia a xuízo e a xuízo foi e agora se eses traballadores perden eses conceptos é porque o di un xuíz non porque o alcalde retirouno, con razón ou sen razón pero en calque caso agora xa hai unha sentenza. Eu non sei si as cantidades por eses trienios son moitas ou poucas, pero dar facilidades de devolución non é descabelado, en vez de esixir a devolución total paréceme oportuno iniciar unha negociación cos representantes sindicais para ver como se devolven, non pasa nada, logo



hai que ver as que se teñen que devolver porque hai cantidades prescritas, xa pasou o tempo de reclamación. Os traballadores son libre de ir a xuízo e para min mellor, eu prefiro e eles están en todo o seu dereito.

Sendo as 13: 10 a Concelleira do BNG a Sra. Cristina Cadena Freire retirase do pleno.

Intervén novamente o Sr. Alcalde respondendo as preguntas da voceira do PP.

En canto o proxecto de ampliación e mellora da estrada de Chanteiro despraza servizos municipais, o primeiro servizo é o alumeadado público que ten unhas luces para alumar unha estrada de 3 m que era a que había, agora a estrada pasa a ter 6 m máis a senda peatonal volver a poñer o noso alumeadado que só alumea 3 m e que só alumea un carril o que nos obriga a poñer luces que alumea 6 m, entón iso non o paga a deputación, a deputación paga ampliación e mellora o que ten que retranquear Fenosa o fai, pero hai servizos municipais que vense afectados, non vamos a facer unha estrada nova cun alumeadado que só alumea a metade, o proxecto do que a voceira do PP fala é para adaptar os servizos municipais afectados para adaptar os servizos a esa ampliación, adaptación do alumeadado a estrada para que a ilumine toda.

Pregunta a Sra. Martínez Martínez si só afecta ao alumeadado.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que el que saiba si.

Intervén a Concelleira de Urbanismo a Sra. Olimpia Marcos García dicíndolle ao Alcalde que non é así que o vai explicar ela, di que e para os cruces da rede de auga e saneamento por si hai que facer algunha extensión de rede.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que é para non ter que picar outra vez a estrada, aproveitamos agora para meter extensións de rede de auga, senón coa estrada feita si un veciño solicita auga temos que picar a estrada. O auga vai polo marxe da estrada así non temos que picar a estrada.

Pregunta a Sra. Martínez Martínez si entón nese proxecto vai o alumeadado e o auga e saneamento.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non que só o auga e o saneamento o alumeadado vai noutro proxecto.

En canto a pregunta sobre o saneamento da Rúa Salazón e Avda. Saavedra Meneses, tubarias saturadas non hai ningunha, tubarias saturadas había fai anos cando ao chover saía pola arqueta na igrexa, no nanos, Concepción Areal, cruce da Avda. Redes pero coa separación de publiais e fecais xa non hai nada saturado e sen chover menos, saturación non hai ningunha cando a Xunta de Galicia deseñou o proxecto da EDAR tivo en conta todas as tubarias para o bo funcionamento están dimensionadas para unha poboación de 50000 habitantes nin Mugardos nin Fene nin Ares sumamos os 50000 habitantes, a Edar fíxose cunha perspectiva de futura para o dobre dos habitantes.

En canto o abono de trienios xa o respondín e o mesmo que lle contestei ao Sr. Mesías Farías.

En relación o balance do auga está incorporado na conta de resultados. O recibo bimensual non está implantado e teremos que debater se o vamos a implantar ou non.

En canto o rogo de levar todas as facturas a comisión de facenda, dicir que a comisión vai o que vai ao pleno, este goberno non quita que nesas comisións informativas que dictaminan o que vai a pleno non quita que se poida preguntar ao goberno o que queira nin quita que se leven cousas que non necesitan dictamen. En consecuencia na comisión de facenda lévanse os puntos que necesitan dictamen para ir ao pleno e efectivamente van as facturas nas que o Alcalde non ten competencia, é como está conformado baixo o meu goberno e baixo os seu porque faciase igual.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e dezanove minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,



O SECRETARIO,

